“ Bases “DIVERNADAL-LUDOCONCILIA MEAÑO NO NADAL 26-27”

Primeira.- Obxecto

O Concello de Meaño pon en marcha, un ano máis o campamento “DIVERNADAL-LUDOCONCILIA MEAÑO NO NADAL 26-27” co principal obxectivo de conciliar vida familiar e laboral a través de actividades deportivas, educativas , de sensibilización na igualdade de xénero e lúdicas coas que dinamizar o tempo libre no período de nadal.

Estas bases figurarán expostas na páxina web do Concello.

Segunda.- Persoas destinatarias

Nenas e nenos que naceran entre os anos 2015 e 2023 empadroadas/os no Municipio de Meaño . No caso de quedar prazas vacantes poderán participar nenos/as non empadroados no Concello de Meaño.

Terceira.- Número de prazas e lugar de celebración

O número máximo de participantes será de 25 para réxime xeral e 5 prazas para rapaces/zas cunha discapacidade recoñecida (sempre con mobilidade por parte do participante).

De non cubrirse as prazas de discapacidade pasarán a réxime xeral

A actividade desenvolverase na Casa de Cultura de Xil, pavillón de Xil.

Cuarta.- Duración e horario.

O “DIVERNADAL-LUDOCONCILIA MEAÑO NO NADAL 26-27” desenvolverase os días 22, 23, 28, 29 e 30 de decembro e o día 4, 5 e 7 de xaneiro.

Horario de 08:30 a 14:30h. A entrada dos participantes realizarase entre as 08:30 e as 10:00 e a saída de 13:30 a 14:30.

Quinta.- Prezo

Aplicaranse as taxas por Divernadal establecidas na ordenanza fiscal.

Sen prexuízo dos descontos aos que haxa lugar establecidos na ordenanza reguladora das taxas por cursos e actividades que organice o Concello nas súas competencias educativas, culturais, deportivas e sociais

Sexta.- Inscricións e documentación a aportar

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados que se facilitarán na oficinas municipais do

Concello de Meaño ou na páxina web do Concello de Meaño: www.concellodemeano.com.

Xunto co impreso de inscrición deberán achegar a seguinte documentación:
-Cartilla da Seguridade Social (do neno/a).
- DNI (do pai/nai, titor-a)
-DNI da/o nena/o
-Libro de familia
-Documentación oficial acreditativa da situación de discapacidade de ser o caso.
-Documentación oficial acreditativa da situación de familia monoparental de ser o caso.
-Documentación oficial acreditativa da situación de familia numerosa de ser o caso
-Toda documentación relevante sobre datos médicos (enfermidades, alerxias…) que sexa precisa coñecer para o bo desenvolvemento da actividade
-Autorización de captación de imaxes na actividades (Anexo II)
-Autorización recollida neno/a á saída (Anexo III)

Sétima.- Presentación e prazo de solicitude:
A presentación realizarase no Rexistro Xeral do Concello de luns a venres en horario de oficina ou nos lugares establecidos no no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
O prazo para a presentación de solicitudes será do 23 de novembro ó 4 de decembro de 2026, ambos incluídos.

Oitava.- Criterios de valoración:
1.- Por Número de inmáns participantes

1.- Por participar un irmán a maiores do solicitante: 2 punto; por participar dous ou máis irmáns a maiores do solicitantes: 4 puntos

2.- Por familia numerosa: 1 punto

3.- Por familia monoparental: 1 punto
4.- Por tramo de idade, nenos/as participantes nados entre os anos 2023 e 2019: 3 puntos
Sumaranse todas as puntuacións, e aqueles que obteñan as puntuacións máis altas obterán praza na actividade “DIVERNADAL- LUDOCONCILIA MEAÑO NO NADAL 26-27”por orden de maior a menor puntuación.

No caso de igualdade de puntuacións entre varias solicitudes terase en conta en primeiro lugar que asistan dous ou máis irmáns. E no caso de que persista o empate terase en conta a orde de inscrición da solicitude no Rexistro de entrada.

Novena.- Valoración e Resolución

A Valoración das solicitudes e posterior resolución corresponderalle ao persoal municipal do departamento de Cultura, Educación e Xuventude.

Décima- Pagamento

O pagamento das taxas por participar nestas actividades realizarase a partir do mesmo día da publicación da lista de admitidos. O listado de prazas concedidas será publicado na páxina Web do Concello de Meaño e tamén no taboleiro de anuncios. Deberán entregar o resgardo do pagamento no Concello.

Undécima.- Reclamacións

Contra o acordo de aprobación destas bases que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta publicación na páxina web do Concello de Meaño (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso- administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra segundo o disposto nos artigos 8 da Lei 29/1988, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Duodécima.- Protección de Datos

Responsable do tratamento Concello de Meaño con domicilio en Rúa Campo da Feira, 1, Meaño CP 36968, Pontevedra ou concellodemeano@concellodemeano.com – Consellería.

Finalidades do tratamento Os datos recollidos seran necesarios para a promoción da educación, a cultura, e as actividades deportivas, así como para o desenvolvemento das actividades nas que se rexistra.

Lexitimación Consentimento explicito do propio interesado. Servizo prestado.

Destinatarios Os datos recollidos neste documento, así como os relativos ás imaxes obxecto de

autorización, poderán ser comunicados aos diferentes órganos da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. As imaxes poderán ser publicadas, coa mesma finalidade, a través dos medios detallados anteriormente.

Exercicio de Dereitos Poderán exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitando o tratamento de datos por escrito e anexando o seu DNI a esta dirección Rúa Campo da Feira , 1 Meaño CP 36968, Pontevedra ou o seguinte correo electrónico concellodemeano@concellodemeano.com.

Categoría de datos que se traten: Identificación nome e apelidos, NIF, enderezo postal, números de teléfono, correo electrónico, sinatura e imaxe;

Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información: www.concellodemeano.com"